

SEMINARIO IV CICLO:



DOCENTE: Xosé Antonio Neira Cruz
Campus de Santiago de Compostela

Universidade de Santiago de Compostela

DATAS: 3, 5, 10 e 12 de febreiro de 2026 de 11h a 13h.

Prezo da matrícula:

Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **25 €**

Externos ao programa: **29.41 €** + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

Prazo de matrícula: Desde o 19 de decembro ata o 19 de xaneiro de 2025.

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual na seguinte ligazón:

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=15092>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15

INTRODUCCIÓN

Perú: Cruce de mundos, berce de culturas vivas é un percorrido pola fascinante e complexa identidade dun país que foi corazón de imperios antigos, escenario de encontros e confrontacións coloniais, e hoxe continúa a reinventarse entre tradición e modernidade. Ao longo do seminario, exploraremos as pegadas das grandes civilizacións precolombinas, como os incas, a influencia colonial española, e a emerxencia de expresións artísticas e culturais contemporáneas que dialogan co pasado. A través da historia, a arte, a diversidade étnica e lingüística, e os desafíos sociais e políticos actuais, achegarémonos a un Perú plural, vibrante e en constante transformación.

OBXECTIVOS

- Afondar nas raíces históricas de Perú.
- Identificar as claves artísticas que marcaron a súa fisionomía.
- Percorrela nos seus vestixios, desde o pasado ata a actualidade.
- Entendela na súa realidade presente.

CONTIDOS

Unidade 1: Ecos do Imperio – Unha viaxe pola historia do Perú.

Unha ollada ás civilizacións precolombinas (Caral, Nazca, Mochica, Inca), o período colonial, a independencia e os principais fitos históricos que modelaron a identidade peruana.

Unidade 2: Vivas están as raíces – Arte, cultura e tradicións.

Un percorrido pola diversidade cultural do Perú, desde as expresións artísticas ancestrais ata as actuais, pasando pola música, a danza, a gastronomía, a literatura e os rituais populares.

Unidade 3: Perú hoxe – Sociedade, retos e contradicións contemporáneas.

Análise da realidade actual: desigualdade social, cuestións de identidade, indixenismo, urbanización, política recente, educación, e movementos sociais.

Unidade 4: País de contrastes – Territorio, natureza e diversidade.

Exploración da xeografía e biodiversidade do Perú: costa, serra e selva. Impacto do medio natural na vida social e cultural, e os retos ambientais do século XXI.

METODOLOXÍA

O seminario organizarase en catro clases maxistras presenciais de dúas horas de duración cada unha organizadas segundo os criterios didácticos do profesor responsable. Na medida do posible procurarase a participación de axentes externos vencellados ao tema exposto a través de conexións por Teams ou outros medios tecnolóxicos.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Contreras Carranza, C., & Cueto, M. (2010). *Historia del Perú contemporáneo*. Lima: Instituto de Estudios Peruanos.

Cotler, J. (1978). *Clases, Estado y Nación en el Perú*. Lima: Instituto de Estudios Peruanos.

Custer, T. (2016). *El arte de la cocina peruana*. Lima: Origo.

Ferrier, C. (2009). *El huayno con arpa. Estilos globales en la nueva música popular andina*. Lima: IDE-PUCP / IFEA.

Lumbreras, L. G. (1974). *Los orígenes de la civilización en el Perú: historia de los pueblos desde sus orígenes hasta el momento en que fueron conquistados por los españoles*. Lima: Milla Batres.

Mariátegui, J. C. (1928). *Siete ensayos de interpretación de la realidad peruana*. Lima: Minerva / Amauta.

Romero, R. R. (2002). *Sonidos andinos. Una antología de la música campesina del Perú*. Lima: Centro de Etnomusicología Andina / Instituto Riva-Agüero PUCP.

Rostworowski de Diez Canseco, M. (1988). *Historia del Tahuantinsuyu*. Lima: Instituto de Estudios Peruanos.